

**ACORDOS**  
**SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL**  
**DO DIA 15 DE SETEMBRO DE 2016**

Na casa consistorial de Tordoia sendo as 12.00 horas, do día quince de setembro de dous mil dezaseis, reúnese a Xunta de Goberno Local deste concello en primeira convocatoria de sesión ordinaria.

**ASISTENTES:**

***Alcalde:***

D. Antonio Pereiro Liñares

***Concelleiros:***

D<sup>a</sup> Inés Santos Pereiro

D. Amadeo Cancela Fariña

***Non asiste:***

D. José Manuel Cancela Cancela

***Secretaria:***

D<sup>a</sup>. Ana Beatriz Oveja Villafañe

**ORDE DO DIA**

1. APROBACION DA ACTA DA SESION ANTERIOR.-
2. ESCRITOS VARIOS.-
3. SOLICITUDES DE AXUDAS ECONOMICAS DE ASOCIACIÓNS CULTURAI DESTE CONCELLO.-
4. APROBACION DE FACTURAS.-
5. SERVIZOS SOCIAIS.-
6. INSPECCION PERIODICA EN ASCENSORES.-
7. DAR CONTA DA SUBVENCIÓN PARA A CONTRATACIÓN DE AXENTES DE EMPREGO E DESENVOLVEMENTO LOCAL PARA O ANO 2016.-
8. ROGOS E PREGUNTAS.-

**1. APROBACION DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR. –**

Son aprobadas as actas números 16/2016 e 17/2016 que tiveron lugar os días 04.08.2016 e 23.08.2016.

**2. ESCRITOS VARIOS.-**

- Recíbese escrito da Asociación Ayúdale a Caminar número rexistro de entrada 1277, solicitando unha axuda para poder seguir sostendo e mantendo numerosas actividades de carácter preventivo.  
Acordos adoptados:  
Concederlle unha axuda para que poidan seguir realizando as diversas actividades da asociación.

**3. SOLICITUDES DE AXUDAS ECONOMICAS DE ASOCIACIÓNS CULTURAI DESTE CONCELLO.-**

Acordos adoptados:

colaborar cos veciños cunha axuda económica para a organización das festas parroquiais, con cargo á partida correspondente do vixente orzamento das seguintes asociacións:

- Asociación Cultural Virxe do Carme e do Sacramento
- Asociación Cultural Comisión de Festas Sta. Mariña Anxeriz
- Asociación Cultural e festexos Sta. Eulalia Gorgullos
- Comisión de Festas do San Antonio e do Rosario de Viladeabade do ano 2016

#### **4. APROBACION DE FACTURAS.-**

Acordos adoptados:

Son aprobadas e ordenase o pago con cargo á partida correspondente do vixente orzamento.

Aplicación	Importe	Nombre Ter.	Nº registro
2016.920.21000	4.121,99€	ALMACENES PALLAS, S.L.	F/2016/1484
2016.338.22609	1.450,00€	VIQUEIRA RODRIGUEZ, SELMA	F/2016/1495
2016.330.22609	8.485,75€	XEIRACONSULTORA S. COOP. GALEGA	F/2016/1314
2016.1532.21000	7.102,70€	GERMIÑAS CASTRO, S.L.	F/2016/1319
2016.338.22609	1.452,00€	FERNANDEZ FRAGA, Jose (GALIOCIO)	F/2016/1418
2016.1722.21000	3.832,30€	XEIRACONSULTORA S. COOP. GALEGA	F/2016/1431
2016.920.22706	1.216,22€	PREMAP SEGURIDAD Y SALUD S.L.U.	F/2016/1458
2016.341.22609	2.275,80€	COSTA CASTRO, ESTHER (SPORTEC)	F/2016/1468
2016.912.22601	1.497,00€	R.C. DEPORTIVO DE LA CORUÑA S.A.D.	F/2016/1427

#### **5. SERVICIOS SOCIAIS.-**

Acordos adoptados:

Conceder a prestación coas condicións propostas pola traballadora social, á vista de documentación aportada e informe emitido.

#### **6. INSPECCION PERIODICA EN ASCENSORES.-**

Acordos adoptados:

Pedir novas ofertas económicas, pero incluíndo todos os ascensores propiedade Concello.

#### **7. DAR CONTA DA SUBVENCIÓN PARA A CONTRATACIÓN DE AXENTES DE EMPREGO E DESENVOLVEMENTO LOCAL PARA O ANO 2016.-**

Dase conta da subvención para a contratación de axentes de emprego e desenvolvemento local para o ano 2016 segundo o decreto DECRETO:150 / 2016, cos seguintes acordos:

- Solicitar unha subvención á Consellería de Economía, Emprego e Industria para a prórroga na contratación dun AEDL.

- Actuar, como Alcalde - representante deste concello don Antonio Pereiro Liñares ante a administración autonómica para a solicitude e tramitación da subvención.
- Aceptar os pregos e condicións estipulados na orde de referencia.
- Comprometerse a financiar as partidas orzamentarias que non sexan financiadas pola subvención, existindo no orzamento municipal para o ano 2016 dispoñibilidade para financiar ditas cantidades.
- Dado que este concello non dispón dun convenio colectivo en vigor, as retribucións que percibirá o AEDL quedarán cos seguintes importes

Salario Bruto(*) Mensual	Grupo CNAE cotiz	Cotiz Emp Seg. Social	Total Salario+seg . Social	Custo bruto anual	Subv. Solicitada
2.778,69€	1	852,67€	3.631,36€	43.576,32€	10.894,08€

(\*) Incluída a parte proporcional da paga extra.

. Fago constar que esta entidade cumpre os requisitos establecidos para obter a condición de entidade beneficiaria, segundo o disposto no artigo 10 da lei 9/ 2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e especificamente de estar ao día no cumprimento das abrigas tributarias ou fronte á Seguridade Social e de non ter pendente de pagamento ningunha outra débeda coa Administración Pública da Comunidade Autónoma.

· Tamén fago constar que non se solicitou, nin en consecuencia recibiu, ningunha outra subvención para a mesma finalidade das distintas adm inistracións públicas copetentes.

## 8. ROGOS E PREGUNTAS.-

Non se formulan.

Non habendo máis asuntos que tratar, pola Presidencia levántase a sesión.